



CONCELLO DE RIANXO

Expediente: **Repotenciación do parque eólico Monte Treito (IN408A 2025/019)**

Solicitante/Promotor: **Iberdrola Renovables Galicia SA**

Situación: Concellos de **Dodro, Lousame, Rianxo e Rois** (A Coruña)

Asunto: **Remisión**, para a súa **exposición pública**, da documentación relativa ás solicitudes de autorización administrativa previa, de construción e a aprobación do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) dos referidos proxectos.

Achégase a documentación, presentada polo promotor xunto coa solicitude de autorización administrativa previa, de construción e a aprobación do estudo de impacto ambiental (EIA) para as referidas instalacións e que de seguido se relaciona, para os efectos da súa **exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello** durante o prazo de **trinta (30) días hábiles** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo de información pública, emitido por este Departamento Territorial por ser a unidade tramitadora, no DOG (que será previsiblemente o próximo **25 de Agosto de 2026**) e que poderán descargar a través da correspondente ligazón.

Ademais, e unha vez publicado o devandito Acordo de IP no DOG, tamén se poderá **consultar toda a documentación sometida a información pública** dos referidos proxectos no **portal web** desta Consellería a través da seguinte ligazón:

<https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/documentos-exposicion-publica>

Documentación para Información Pública:

- Acordo 10 de agosto do 2026 do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña, polo que se somete a información pública, a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto de repotenciación do parque eólico Monte Treito, nos concellos de Dodro, Lousame, Rianxo e Rois (A Coruña) (expediente IN408A 2025/019).

<http://descargas.xunta.es/5c5196f9-e10d-4185-a393-b912b0cac6541787294390983>

1. O proxecto de execución: "Repotenciación Parque eólico Monte Treito. Ayuntamientos de Dodro, Lousame, Rianxo y Rois, A Coruña (España)" (visado 15/01/2026).

<http://descargas.xunta.es/2b889e30-854b-4f9c-a9f1-ca1b86a7a48b1785827399158>

2. O estudo de impacto ambiental (EIA): "Estudio de Impacto Ambiental Proyecto de Renovación Tecnológica del Parque Eólico Monte Treito. Términos Municipales de Lousame, Rois, Rianxo y Dodro. (Provincia de A Coruña). Enero 2026 " (asinado 21/01/2026).

<http://descargas.xunta.es/7080adde-0333-4dcd-9d3a-43d5b0417a191785827458591>





Así mesmo, esta exposición faise co fin de **cumprir co trámite de dar audiencia ao seu Concello**, segundo co establecido no art.33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Polo exposto, e unha vez rematado o prazo de información pública **deberán remitir**, a esta unidade tramitadora, o **certificado acreditativo** emitido por ese Concello da antedita exposición pública, co obxecto de continuar coa tramitación dos expedientes, no que se deberá especificar:

- O **período** da exposición pública,
- Referencia a toda a **documentación exposta**, para consultar durante o período de información pública, anteriormente relacionada.
- Indicar se presentaron **alegacións** ante ese Concello ou non e, de ser o caso, **relacionais na certificación**.

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital na marxe
O xefe do servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas
María del Mar Rueda Alonso

